



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CONVOCATORIA DUNHA BOLSA PARA O SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA UDC EN COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

A Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación, convoca unha bolsa, financiada pola Deputación da Coruña, en réxime de concorrencia competitiva, de apoio ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña. A presente convocatoria axústase ao que dispón a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; as Bases de execución do orzamento da Universidade da Coruña para o exercicio 2007, en canto resultar de aplicación e a Lei xeral orzamentaria.

1. Obxecto da axuda

A persoa bolseira terá como cometido principal apoiar o traballo que realiza o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, colaborando coas tarefas que este leve a cabo durante o período de aproveitamento da bolsa. Estas tarefas deberán ser desempeñadas no campus de Ferrol, coa posibilidade de que se realicen na Coruña.

2. Condicións das persoas solicitantes. Forma e prazo para a presentación das solicitudes

As persoas aspirantes a esta bolsa deberán reunir os seguintes requisitos:

- 2.1. Teren rematado a licenciatura en Filoloxía Galega no período dos últimos cinco anos.
- 2.2. Seren estudantes de terceiro ciclo da Universidade da Coruña, quer por estaren a realizar un programa de doutoramento ou posgrao, quer por estaren en posesión do Diploma de Estudos Avanzados (DEA).
- 2.3. A formalización das solicitudes deberase facer mediante unha instancia, segundo o modelo que poderá recollerse gratuitamente nos servizos do SAPE. O prazo de presentación de solicitudes será **até as 14:00 horas do día 7 de setembro de 2007**. As solicitudes entregaranse no SAPE da Coruña (Casa do Francés - A Zapateira) ou no SAPE de Ferrol (Rúa Dr. Vázquez Cabrera, s/n).

3. Procedemento e criterios para a selección das persoas adxudicatarias

Para a puntuación dos méritos das persoas solicitantes que cumpran os requisitos para se presentaren á convocatoria, teranse en conta os seguintes criterios:

- A media do expediente computará o 60% da puntuación.
- O coñecemento de idiomas suporá o 10% da puntuación.
- O manexo de ferramentas informáticas básicas, cuxo dominio deberán acreditar documentalmente as persoas solicitantes, será un 10% da puntuación.
- O restante 20% repartirase entre os seguintes capítulos: formación complementaria, bolsas, experiencia laboral, publicacións e outros méritos.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Coa solicitude achegaranse os seguintes documentos:

- 3.1. Fotocopia do documento nacional de identidade ou equivalente para os nacionais de países membros da Unión Europea.
- 3.2. Currículo, con inclusión da documentación acreditativa.
- 3.3. Unha copia do expediente académico coas súas cualificacións.
- 3.4. Acreditación de estar matriculado/a nun programa de doutoramento ou posgrao, ou en posesión do DEA.

4. Dotación económica e financiamento

Esta bolsa ten financiamento alleo, a conta do convenio que a Universidade da Coruña asinou coa Deputación Provincial da Coruña.

- 4.1.- A dotación económica da bolsa é de 600 euros brutos mensuais.
- 4.2.- O financiamento farase con cargo á partida orzamentaria 9890.9995.422D.480.04.
Estas bolsas están sometidas á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.
Ao importe bruto da bolsa seralle de aplicación o previsto no artigo 16 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
- 4.3.- O pagamento efectuarase con referencia á situación do dereito da persoa bolseira ao día último do mes que corresponder.

5. Período e condicións de aproveitamento

- 5.1.- A axuda terá vixencia desde o **1 de outubro de 2007 até o 30 de setembro de 2008** (12 meses).
- 5.2.- Se a persoa bolseira decaer no seu dereito, o órgano competente para a súa concesión poderá propor as persoas suplentes que figuren con maior puntuación na lista confeccionada conforme o punto 10 desta convocatoria.

6. Órganos competentes

A selección realizaraa a Comisión de Extensión Universitaria delegada do Consello de Goberno.

7. Obrigas da persoa seleccionada

A persoa seleccionada realizará as tarefas que a dirección do Servizo de Normalización Lingüística lle encomendar, en relación co previamente especificado, completando 25 horas semanais.

8. Natureza da relación coas persoas seleccionadas e interrupción da axuda

- 8.1.- A persoa seleccionada non adquire ningunha relación laboral nin administrativa coa Universidade da Coruña, nin a concesión da bolsa implica compromiso canto á posterior incorporación da persoa interesada ao cadro de persoal desta.
- 8.2.- Perderá o seu dereito á percepción da bolsa se, tras a concesión, non realiza as tarefas encomendadas, ou se o fai con notoria deficiencia, a xuízo da dirección do Servizo de Normalización Lingüística, após audiencia á persoa afectada.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

9. Incompatibilidades

Esta bolsa é incompatible co aproveitamento doutras bolsas da Universidade da Coruña ou doutra institución, da mesma natureza e ámbito público ou privado, ou coa realización de calquera traballo remunerado.

10. Resolución da convocatoria

A bolsa concederáse mediante resolución administrativa do presidente da Comisión, o vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación, en que se especificará a persoa candidata a quen se lle concede a bolsa e, se for o caso, as persoas que, en relación ordenada de acordo cos resultados da selección, se considerarán suplentes. Contra esta resolución poderá interporse, consonte o artigo 114 da Lei 30/1992, un recurso de alzada perante o reitor da Universidade da Coruña.

A Coruña, 17 de xullo de 2007

O Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación

Luís Caparrós Esperante



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**SOLICITUDE DE BOLSA DE COLABORACIÓN DE 12 MESES CO SERVIZO
DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

CONVOCATORIA PARA O ANO 2007

NOME: _____

ENDEREZO: _____

POBOACIÓN: _____ **CÓDIGO POSTAL:** _____

TELÉFONO(S): _____

CORREO ELECTRÓNICO: _____

ALUMNO/A DA ESCOLA/FACULTADE: _____

TITULACIÓN: _____

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO OU DE POSGRAO: _____

A CORUÑA/FERROL, _____ DE _____ DE 2007

(sinatura)

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- FOTOCOPIA DO DOCUMENTO NACIONAL DE IDENTIDADE
- CURRÍCULO
- COPIA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO
- ACREDITACIÓN DE ESTAR MATRICULADO/A NUN CURSO DE DOUTORAMENTO
OU POSGRAO
- ACREDITACIÓN DE ESTAR EN POSESIÓN DO DEA

EXCMO. SR. VICERREITOR DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E COMUNICACIÓN